



ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS OU PERSOAS TITORAS LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

O próximo día 18 de novembro, en horario de 15.00 a 18.00 horas, celébrase neste centro a votación para a elección de representantes de nais, pais ou persoas titoras legais do alumnado ao consello escolar.

Para participar na referida votación, tal como se sinalaba na citada convocatoria, procederase da seguinte forma:

1º.- Quen pode votar

Teñen dereito a votar todas as nais, pais ou persoas titoras legais do alumnado matriculado no centro que figure no censo que ao efecto aprobou a Xunta Electoral, tras a súa exposición pública regulamentaria. Tal dereito corresponde indistintamente á nai ou ao pai ou persoa titora legal, podendo ser ambos os dous.

2º.- Modo de emitir o voto

O voto será directo, secreto e non delegable.

Os modelos de papeletas e sobres da votación serán os previamente fixados na Xunta Electoral.

Nas referidas papeletas figurarán os nomes das candidaturas, por orde alfabética de apelidos, e cada elector deberá marcar cunha cruz un máximo de **1 nome** das candidaturas relacionadas, debendo acreditar a súa identidade, mediante exhibición do DNI ou documento similar.

Os integrantes da mesa electoral exercerán o seu dereito a voto en último lugar. Finalizada a votación procederase ao acto do escrutinio de votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase a acta correspondente.

3º.- As candidaturas presentadas son:

Dna. Ana González Guerra

Dna. María Estela Disla Rodríguez

A dirección do centro anima a todas as familias a participar na votación, como unha forma máis de colaboración na organización do centro,

Oseiro- Arteixo, 12 de novembro de 2024

A DIRECTORA/PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL